

## A PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA EN GALICIA: UN BALANCE DO ÚLTIMO LUSTRO (1991-1995)

Esperanza Mariño Davila  
Raquel Noya Beiroa

IES Nº 1 de Ordes  
IES de Rianxo

### 0. INTRODUCCIÓN

Perante a presenza dun conflito lingüístico<sup>1</sup> nunha comunidade, os poderes políticos e sociais poden optar por dúas vías: ou ben intervir, por medio de decretos, leis, disposicións constitucionais, creación de organismos, etc. para modificar ou dirixi-lo conflito, ou ben deixar que dita situación se manteña e sexan as propias linguas as que loiten no campo de batalla<sup>2</sup>, que é o propio da tendencia do *laissez faire, laissez passer*.

Neste artigo interesa especialmente a primeira postura: a da **intervención política e social**, que vén sendo unha das dúas vertentes da planificación: a que ten que ver co *status* da lingua (favorece-lo aumento ou a diminución do número de falantes, prestixiar ou desprestixiar determinadas variedades lingüísticas, crear códigos con fins específicos...) <sup>3</sup>.

<sup>1</sup> Rafael Ll. Ninyoles (1969) describe así tal situación: “Hai conflito lingüístico cando existen dúas linguas claramente diferenciadas, a unha como politicamente dominante (emprego oficial, emprego público) e a outra como politicamente dominada. As formas de dominio van desde aquelas que son claramente represivas (como as que o Estado español practicou durante o franquismo) ata aquelas que son totalmente tolerantes sobre o plano político e nas que a forza represiva é esencialmente ideolóxica (como as que practican os estados frances e italiano)”. (*Congrés de cultura catalana*, 1978, vol. 1, p. 13; citado por D. Daoust et J. Maurais, “L’aménagement linguistique”, en Maurais, J. (ed.), *Politique et Aménagement linguistiques*, Paris, Le Robert, 1987: 17, do que tomámo-la cita).

<sup>2</sup> A primeira opción sería a que Calvet chama “xestión *in vitro*”, e a segunda “conflito *in vivo*” *vid.* Calvet, L.-J., *La guerre des langues et les politiques linguistiques*, Paris, Payot, 1987.

<sup>3</sup> Existen dous tipos de planificación lingüística: a **planificación do corpus** e a **planificación do status**; a primeira repercute na natureza mesma da lingua, e lévase a cabo cando un organismo, unha persoa ou grupos de persoas, ó observaren a presenza ou a necesidade de cambios na lingua, propoñen o USO de novos termos ou cambios no nivel da ortografía ou nos compoñentes morfolóxico e sintáctico; xeralmente é competencia dos **lingüistas**. A planificación do *status* determina a posición social que unha lingua ocupa fronte a outras linguas ou con relación ós criterios políticos, sociais e ideolóxicos dos gobernos; neste tipo de planificación participan sociólogos, ideólogos e políticos.

Para acomete-lo balance da planificación do *status* do galego nos últimos cinco anos, agruparémolas distintas modalidades que presenta a intervención lingüística en tres tipos: **disposicións constitucionais e leis de carácter xurídico, organismos oficiais e intervencións privadas.**

Conclúese a análise cunha comparanza panorámica da planificación en Euskadi e en Cataluña.

## 1. DISPOSICIÓNS CONSTITUCIONAIS E LEIS DE CARÁCTER XURÍDICO

Ámbolos dous tipos inciden na lingua como tal ou sobre os seus dominios de uso. Hai leis que teñen carácter incitativo e outras que o teñen coercitivo.

A elaboración das leis soe ir acompañada da creación de organismos administrativos necesarios para levaren a cabo as políticas lingüísticas, posto que, sen a existencia destes, as leis veríanse reducidas a simples enunciados de principios.

Cabe recordar, pola súa relevancia, os artigos referentes á política lingüística que figuran na *Constitución Española*, no *Estatuto de Autonomía para Galicia* e na *Lei de Normalización Lingüística*.

### 1.1. Constitución Española

(Aprobada polas Cortes o 31 de outubro de 1978).

#### *Artigo 3*

1. O castelán é a lingua española oficial do Estado. Tódolos españois teñen o deber de coñecela e o dereito de usala.
2. As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos.
3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

#### *Artigo 20*

3. A Lei regulamentará a organización e o control parlamentario dos medios de comunicación social dependentes do Estado ou de calquera ente público e garantirá o acceso ós citados medios dos grupos sociais e políticos significativos, respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España.

#### *Artigo 148*

1. As Comunidades Autónomas poderán asumir competencias nas seguintes materias:
  - 17º. O fomento da cultura, da investigación e, no seu caso, do ensino da lingua da Comunidade Autónoma.

### 1.2. O Estatuto de Autonomía

(Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia [BOE nº 101, do 28/4/81]).

**Artigo 5**

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.
4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

**Artigo 27**

No marco do presente Estatuto correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias:

20. A promoción e o ensino da Lingua galega.

**1.3. A Lei de Normalización Lingüística**

(Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística [DOG: 14/7/83]).

Nesta Lei recóllense os dereitos lingüísticos en Galicia, especifícase o uso oficial do galego nas institucións da Comunidade Autónoma, na súa Administración, na Administración Local e nas Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma; regúlase o uso do galego no ensino, nos medios de comunicación e no exterior.

**1.4. O Decreto 317/1990**

(Do 31 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria [DOG: 19/6/90]).

**Artigo 1**

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ó que lle corresponden as competencias de planificación, regulamentación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades; *a promoción e o ensino da lingua galega.*

**2. ORGANISMOS OFICIAIS**

Trátase de organismos máis ou menos oficiais que promoven ou defenden unha variedade lingüística. Ás veces teñen a misión de velar pola aplicación das leis lingüísticas que atinxen xa sexa ó *status* da lingua, xa sexa ó *corpus* en calquera dos seus aspectos.

En Galicia contamos cos seguintes organismos oficiais: a **Dirección Xeral de Política Lingüística**, a **Real Academia Galega**, o **Instituto da Lingua Galega** e o **Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro**.

**2.1. A Dirección Xeral de Política Lingüística**

En marzo de 1983 creouse a **Dirección Xeral do Ensino da Lingua Galega**, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co obxectivo funda-

mental da normalización da lingua. As súas primeiras actuacións encamiñáronse a promover a normalización no ensino, para o cal se empezou por artellar un marco legal que asegurase a continuidade da formación do profesorado por medio de cursos.

Nos primeiros cursos convocados pola Consellería de Educación no mes de maio de 1983 contouse coa axuda do Instituto da Lingua Galega, tanto no concernente á programación como na achega dun profesorado cualificado que os impartise.

Posteriormente, a **Dirección Xeral de Política Lingüística** comeza a organizar cursos para outros sectores alleos ó ensino, tales como funcionarios da Administración pública e da Administración local, profesionais dos medios de comunicación, profesionais sanitarios, adultos, amas de casa, asociacións culturais, cregos e emigrantes (para estes últimos a través dos Centros Galegos).

A **Dirección Xeral de Política Lingüística** depende da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e son as súas funcións e competencias (**Artigo 14** do Decreto 317/1990, do 31 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria [DOG: 19/6/90]):

- a) Elaborar e executa-los plans, os programas e as orientacións pedagóxicas para o ensino da lingua galega nos diferentes niveis, ciclos e modalidades de Educación Preescolar, Educación Xeral Básica, Bacharelato, Formación Profesional, Ensinanzas Artísticas e Escolas de Idiomas, así como no Curso de Orientación Universitaria, sen prexuízo das competencias que lles corresponden ás Universidades.
- b) Aproba-los libros de texto e demais material didáctico de lingua galega, así como emitir informes, no aspecto lingüístico e con carácter previo e vinculante, sobre os demais libros de texto editados en galego.
- c) Realizar cursos de formación e perfeccionamento de galego dirixidos tanto ó persoal ó servizo da educación coma a outros funcionarios públicos e a particulares.
- d) Promove-lo uso da lingua galega na vida oficial e social e nos medios de comunicación escritos e audiovisuais.
- e) Promover e organizar congresos e reunións en materia de lingua galega.
- f) Producir material didáctico de apoio ós centros de ensino.

A Dirección Xeral de Política Lingüística está integrada polos seguintes servizos: o **Servicio de Xestión e Promoción Lingüística**, o **Servicio de Formación** e o **Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro**.

## 2.2. A Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística

Esta Comisión naceu da necesidade de coordina-las liñas de accións destinadas á promoción e ó espallamento da lingua galega, promovidas por diversos estamentos da Administración Autonómica, co obxecto de planifica-las liñas xerais das actuacións externas e internas en materia de normalización lingüística. No Decreto 221/1990, do 22 de marzo, polo que se crea a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (DOG:29/3/90) ofrécese a relación dos seus compoñentes e as accións que levará a cabo (cfr. **Artigo 4**):

1. O fomento da difusión e normalización do galego na Administración pública, así como a fixación da súa linguaxe administrativa en cumprimento do disposto na Lei 3/1983 de normalización lingüística.
2. O fomento da colaboración coas Deputacións e demais entidades locais, impulsando a normalización progresiva do uso do galego por parte do persoal ó seu servizo mediante o establecemento de acordos de cooperación, dándolle cumprimento ó establecido na Lei 5/1988, do 21 de xuño.
3. O impulso da progresiva normalización do uso do galego na Administración de Xustiza, mediante convenios cos órganos correspondentes.
4. A coordinación das publicacións e das distintas actuacións encamiñadas ó fomento do galego que afecten ás distintas Consellerías da Xunta de Galicia.
5. A coordinación dos programas de subvencións concedidas en materia de promoción da lingua galega<sup>4</sup>.
6. A estimulación das manifestacións culturais, representacións teatrais e espectáculos feitos en lingua galega.
7. O fomento do libro en galego con medidas que potencien a produción editorial e a súa difusión.
8. O fomento da produción, da dobraxe, do subtulado e da exhibición de películas e outros medios audiovisuais en lingua galega.
9. A prestación de apoio ós medios de comunicación non institucionais que empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo.
10. A contribución ó emprego do galego como lingua usual nas emisoras de radio e televisión e nos demais medios de comunicación social sometidos á xestión ou competencia das Institucións da Comunidade Autónoma.
11. A colaboración para que os emigrantes galegos poidan dispoñer de servizos culturais e lingüísticos en lingua galega.
12. A protección da lingua falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma en colaboración cos seus respectivos gobernos.

A Comisión ten a competencia de solicitar os informes pertinentes daquelas institucións dedicadas ó estudo e á investigación da nosa lingua (**Artigo 5**) e os

<sup>4</sup> No ano 1995, entre as empresas que recibiron subvencións atópanse perruquerías, academias, autoescolas, cafeterías, clínicas, empresas constructoras, comercios, editoriais, librerías, restaurantes, pubs, talleres, supermercados, taxis, e unha longa lista de pequenos comerciantes. A maior parte dos beneficiados destinan a subvención ó emprego da lingua galega en documentación en publicidade interior e exterior (rotulacións, catálogos, revistas, folletos, carteis, etiquetas) ou á contratación dun servizo de normalización. As cantidades percibidas van desde as 20.000 pesetas (as inferiores) ata os 2.000.000 (as maiores), (cfr. DOG do 6 de xullo de 1995: *Resolución do 6 de xuño de 1995 pola que se fai pública a relación de adxudicatarios das subvencións a empresas privadas para accións de promoción da lingua galega*). (Orde do 11 de xaneiro de 1995, DOG do 13 de febreiro).

As relacións de adxudicatarios das subvencións dos outros capítulos aparecen nos seguintes DOG: nº 126 (3/8/95) a asociacións e institucións sen fins de lucro para a realización de actividades de promoción da lingua galega; nº 132 (11/8/95) a empresas editoriais para a edición de libros e materiais didácticos para niveis non universitarios impresos en lingua galega; nº 136 (17/8/95) a xornais e revistas galegos para a edición de suplementos didácticos e promoción da lingua galega.

custos das accións que determine realizar correrán a cargo dos presupostos dos centros directivos das distintas Consellerías que as realicen.

Nos orzamentos xerais da Consellería de Educación (vid. Anexo) para o ano 1995 pódese apreciar a considerable cantidade destinada a subvencionar entidades que fomentan o uso do galego: empresas privadas, editoriais, xornais e revistas que publican suplementos didácticos en galego, asociacións e institucións sen fins lucrativos e institucións xurídico-administrativas.

Agora ben, este tipo de actuacións pode reducirse a un puro *mercantilismo da lingua galega* se non hai un serio seguimento desa suposta normalización no ámbito da empresa privada ou nas institucións e asociacións que se benefician das subvencións. De feito, por parte da Dirección Xeral de Política Lingüística non se está levando a cabo ningún tipo de supervisión e avaliación das distintas intervencións. Non existe un corpo de inspección nin un equipo que se encargue do **proceso de avaliación**, un aspecto fundamental ó que non se lle deu a súa relevancia en ningún Goberno de Galicia. Cabe pensar que moitos dos fracasos en política e planificación lingüística derivan desa falta de atención ós procesos de avaliación: é preciso facer un alto no camiño e avaliar, consulta-los resultados, mellorar ou modificar, se é necesario, as propostas.

### 2.3. A Real Academia Galega

Da importancia desta institución creada en setembro de 1906<sup>5</sup> destaquémo-la publicación en 1982 das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* tralo acordo co Instituto da Lingua Galega en materia de unificación ortográfica e morfolóxica.

O 17 de novembro de 1982 esta normativa foi oficializada pola Xunta de Galicia, e na disposición relativa á estandarización do galego, a Lei de Normalización Lingüística, aprobada o 15 de xuño de 1983 polo Parlamento de Galicia, establece:

Nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, estimarase como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega.

E nos últimos anos a RAG publicou os Mapas de Sociolingüística, elaborados polo **Seminario de Sociolingüística**.

### 2.4. O Instituto da Lingua Galega (ILG)

Os rápidos avances acadados en Galicia en materia de Planificación lingüística son, en gran medida, froito do labor desempeñado polo **ILG**, xa que, aínda que existe a Real Academia Galega esta non tivo un papel moi activo, como xa destacara o profesor Marcos Marín<sup>6</sup>.

<sup>5</sup> Vid. o artigo de X. Alonso Montero, "O día que se inaugurou a Academia Galega: o problema da(s) lingua(s)", en *Homenaxe ó Profesor Constantino García*, tomo I, pp. 7-18.

<sup>6</sup> Cfr. Marcos Marín, "La Planificación lingüística", en Abad, F. e García Berrio, A. (coords.), *Introducción a la Lingüística*, Madrid, Alhambra, 1983, 315-344.

O **ILG** foi creado en 1971 coa finalidade principal de estudar, cultivar e fomentar a lingua galega<sup>7</sup>. Entre os innumerables traballos realizados polos seus membros integrantes e polos colaboradores e bolseiros, cómpre destaca-los primeiros manuais *Galego 1* (1971), *Galego 2* e *Galego 3* (1972) e a elaboración en 1977 das *Bases prá unificación das normas lingüísticas do idioma galego*. Estas *Bases* foron o punto de partida para a publicación en 1982 das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*.

Desde 1988 oferta Cursos de Galego para Estranxeiros ós que asisten estudantes de diferentes nacionalidades, algúns dos cales teñen matrícula gratuíta gracias ás bolsas da D.X. de P.L.

### 2.5. O Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro (CILLRP)

Nos anos noventa realízase, por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, un proxecto para tratar de poñer en práctica unha idea longamente acariñada: o feito de posuír un centro propio dedicado á investigación no eido das Humanidades. A finais de 1992 elabórase un estudio do que xorde, concibido como un servizo específico da Dirección Xeral de Política Lingüística, o Centro Ramón Piñeiro (tanto a creación coma o funcionamento regúlanse no DOG, nos respectivos Decretos 25 e 34/1993, do once e catorce de febreiro). En marzo do seguinte ano lévase a cabo a inauguración oficial. Inauguración esta fortemente cuestionada por varias razóns, tales como a carestía do proxecto –só desde 1993 ata 1995 invístense preto de oitocentos millóns de pesetas– e a existencia previa de centros de traballo específicos. Aínda así, o anhelado de dispoñer de toda unha cohorte de proxectos e investigadores **proprios** arreda tódalas críticas. Neste sentido, a supervisión do Centro realízase por medio da Comisión Rectora, constituída por dez membros:

–Un presidente e un vicepresidente (á vez, conselleiro de Educación e director xeral de Política Lingüística).

–Oito vocais. De entre eles, un coordinador científico (nomeado pola Consellería de Educación). Dos outros cargos, tres corresponden ós rectores das Universidades galegas e un quinto ó presidente da RAG. Os tres membros restantes desenvolven o perfil de expertos nas materias obxecto de estudio, sendo nomeados polo presidente da Comisión Rectora.

Con respecto ás liñas investigadoras, as prioritarias figuran enunciadas no nomenclátor mesmo, ás que se engaden a Historia e a Antropoloxía (pendentes estas da inauguración oficial ata finais de 1996). Proxectos en proceso de compoñadura son:

1. **Corpus de referencia do galego actual**. Composto por textos de calquera xorne (orais, escritos –narrativos, xornalísticos, etc.–) e limitación temporal inferior

<sup>7</sup> A traxectoria do ILG foi lembrada polo profesor F. Fernández Rei no seu traballo “O Instituto da Lingua Galega (1971-1990). Contribución á investigación e á normalización do galego”, recollido na *Homenaxe ó Prof. C. García*, pp. 15-46.

en 1980, conságrase ó apoio de programas informáticos de etiquetaxe morfolóxica e sintáctica.

2. **Diccionario de fraseoloxía galega.** Baixo o compendio dunhas vinte mil locucións agóchase a busca dunha lingua pura e rica.

3. **Preparación dos textos do ‘Parladoiro’.** Amálgama de artigos de Otero Pedrayo no xornal *La Noche* (1946-1949), primeira sección de periodicidade diaria e fixa das nosas letras.

4. **Antoloxía de *La Noche*.** Recompilación de textos en prosa e verso, na súa maioría escritos en lingua galega.

5. **Dimensións da identidade colectiva.** Co marco cronolóxico de 1978-1994 e apoio en *La Voz de Galicia*, procúrase a confección dunha tipoloxía política baseada nos datos económicos, sociais e electorais dos municipios, así como literaria (editoriais, vendas, subvencións, ...) e lingüística (porcentaxes de uso do idioma, diferencias interxeracionais,...). Para esta configuración tamén se acode ó semanario *A Nosa Terra*, practicamente escaneado.

6. **Proxecto Medieval Galaico-Portugués.** Co fin de publicar toda a lírica profana, téntase así mesmo a preparación dun glosario.

7. **Diccionarios de literatura.** No básico, trátase dun par de literatura galega –infantil ou non– xunto con outro de termos literarios.

8. **Castelao:** a ética da galegitude. Existe a pretensión de demostrar, por medio dos textos daquel, cómo a posición vital se inclina ó transfondo ético máis que ó propiamente político.

9. **Corpus Documentale Latinum Gallaeciae.** Ou a corrección informática dos documentos achados nos tombos de Sobrado dos Monxes e Samos.

Outro aspecto fundamental é a conexión de “banda ancha” con Internet a través do CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia), privilexio este compartido polo momento cos hospitais, as tres Universidades e a TVG.

## 2.6. O Ensino

Historicamente vedado ó estudio do idioma propio, é nas décadas dos setenta e oitenta cando este se incorpora de xeito obrigatorio. Primeiro en tódolos niveis non universitarios –menos COU– baixo o Decreto de Bilingüismo (1979); **a posteriori** cando o goberno da Xunta recibe o primeiro paquete de transferencias educativas desde a Administración Central (1982), coa Lei de Normalización Lingüística (1983) –que inclúe tamén COU–. Desenvolvida esta Lei co Decreto do 8 de setembro, déixase ó arbitrio do profesorado a ensinanza na lingua materna **predominante** entre os alumnos de Preescolar, Ciclo Inicial e Educación Especial. En 1988 un novo Decreto promulga o galego como lingua oficial da Administración Educativa (ou sexa, que todo escrito se redacte neste idioma: actas, comunicados, horarios, rótulos, etc.) á vez que a obriga de empregalo na impartición doutras materias.

Na nova década prodúcese o primeiro retroceso: o Decreto do 18 de abril (1990), que exixe da disciplina de lingua galega “aqueles alumnos con deficiencias, especialmente auditivas” pero non –paradoxo supremo– das restantes linguas... á par que un tímido avance co regulamento dos Equipos de Normalización dos Centros (1991).

Que o ensino constitúe a **punta de lanza** no proceso de normalización dunha lingua minorada está fóra de toda dúbida, só muda a estima por ela nos distintos gobernos. Así o reflicten os cadros sinópticos<sup>8</sup>:

#### Horas semanais de clase da lingua vernácula

| NIVEIS     | GALICIA       | CATALUÑA |
|------------|---------------|----------|
| Preescolar | -             | 4        |
| EXB        | Ciclo Inicial | 4        |
|            | Ciclo Medio   | 4+1      |
|            | Segunda Etapa | 4        |
| BUP        | 3             | 4        |
| COU        | 3             | 3        |
| FP-I       | 2             | 2        |
| FP-II      | 2/1           | 2        |

#### Linguas propias vehiculares

| NIVEIS                        | GALICIA (Máximos)   | CATALUÑA (Mínimos)                              |
|-------------------------------|---|---|
| Preescolar e<br>Ciclo Inicial | Ensino en galego para o alumnado de lingua materna galega | Ensino en catalán, respectando a lingua materna |
| EXB<br>Ciclo Medio            | Área de Ciencias Sociais                                  | Sociais ou Naturais                             |
| Segunda Etapa                 | Área de Ciencias Sociais                                  | Sociais ou Naturais                             |
| BUP, COU e FP                 | Dúas materias   | Dúas materias                                   |

En Galicia, nos Ciclos Medio e Superior impártese Ciencias Sociais durante tres horas á semana. No Ensino Medio as dúas materias de impartición obrigatoria deben escollerse entre as seguintes:

| NIVEIS | MATERIAS    | HORAS SEMANAIS | NIVEIS | MATERIAS         | HORAS SEMANAIS |
|--------|-------------|----------------|--------|------------------|----------------|
| 1º BUP | Matemáticas | 4              | 2º BUP | Matemáticas      | 4              |
|        | C. Naturais |                |        | Física e Química |                |
|        | Historia    |                |        | Xeografía        | 3              |
|        | Debuxo      | 3              |        | Informática      | 2              |

<sup>8</sup> En Cataluña, no Ciclo Medio ás tres horas semanais cómpre sumar dúas de Estructuras Lingüísticas comúns catalanas-castelás (en Galicia, unha única hora) e na rama administrativa de FP as horas semanais convértense en tres en lugar das dúas habituais.

|           |  |                  |           |   |                  |
|-----------|--|------------------|-----------|---|------------------|
| 3º BUP    | Filosofía<br>Matemáticas<br>Historia<br>Física e Química   | 4                | COU       | Filosofía<br>Matemáticas<br>Física e Química<br>Historia  | 4                |
| 1º FP-I   | Prácticas<br>Tecnoloxía<br>Matemáticas                     | 9<br>3<br>4      | 2º FP-I   | Form. Humaníst.<br>Prácticas<br>Tecnoloxía                | 4<br>9<br>3      |
| 1º FP- II | Prácticas<br>Tecnoloxía<br>Matemáticas                     | 9<br>4<br>3      | 2º FP- II | Form. Humaníst.<br>Matemáticas<br>Prácticas<br>Tecnoloxía | 2<br>2<br>9<br>4 |
| 3º FP- II | Prácticas<br>Form. Humaníst.<br>Matemáticas<br>C. Naturais | 8<br>2<br>2<br>3 |           |   |                  |

Moi lonxe queda o “Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino” (1989) –aprobado pola maioría dos sindicatos e asociacións culturais, por algún partido político, concello, etc. e presentado perante o goberno galego– que pretendía a galeguización progresiva na Educación Secundaria Obrigatoria e durante o período universitario, ademais dun seguimento puntual e avaliación do proceso. Pois alén de se rexeita-lo Modelo, **incúmprese moitas das disposicións** e nin tan sequera se respecta o alumnado de lingua materna galega (cando é maioritario), conculcando o dereito a recibi-lo primeiro ensino na propia lingua<sup>9</sup>.

Tal panorama contradí a tese do BILINGÜISMO HARMÓNICO E LIMPO esgrimido a cotío<sup>10</sup>. Pese ó cal agroma un tépedo optimismo para a ensinanza coa promulgación da LOXSE (Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo), desenvolvida baixo o Decreto 247/1995, do 14 de setembro. A Reforma supón idéntico número de horas no Bacharelato –por vez primeira– para o ensino da lingua galega e castelá ademais do control, por parte da Inspección, do cumprimento da lexislación vixente en cuestión de horarios, áreas e materias impartidas en lingua galega así coma os materiais curriculares –necesariamente publicados nesta lingua–.

#### Horas semanais de clase da lingua vernácula

##### NIVEIS

|                  |  |
|------------------|--|
| EDUCACIÓN BÁSICA | <b>Educación Infantil</b> (0-5 anos): 0 horas.<br>Ensino na lingua materna predominante. |
| OBRIGATORIA      | <b>Educación Primaria</b> (6-12 anos)  |

<sup>9</sup> Tan só un 16,83% do alumnado de Preescolar e EXB sito no hábitat rural recibe as clases en galego. Esta cifra constátase nun estudo publicado en 1991 polo ICE da Universidade de Santiago, cifra resaltada polo Seminario de Sociolingüística da RAG na p. 127 das *Actes del Simposi de Demolingüística*.

<sup>10</sup> M. Bragado & A. Costa, “A situación da lingua é de esperanza. Entrevista a Manuel Regueiro Tenreiro, Director Xeral de Política Lingüística”, *Revista Galega de Educación*, 1996, p. 80.

- Primeiro Ciclo (6-8 anos)  
Ensino na lingua materna predominante.  
Lingua galega: 4 horas.  
Aspectos comúns das linguas galega e castelá:  
0'5 horas.
- Segundo Ciclo (8-10 anos): 4 horas.
- Terceiro Ciclo (10-12 anos): 4 horas.

#### Educación Secundaria Obrigatoria (12-16 anos)

- Primeiro Ciclo.** 1º curso: 4 horas.  
2º curso: 2 horas.
- Segundo Ciclo.** 3º curso: 3 horas.  
4º curso: 3 horas.

#### EDUCACIÓN SECUNDARIA

- **Bacharelatos** (16-18 anos)  
1º e 2º cursos: 3 horas
- **Formación Profesional** (16-17/18; 18-19/20 anos)<sup>11</sup>  
Grao Medio.  
Grao Superior

Lingua propia vehicular

#### NIVEIS

#### EDUCACIÓN BÁSICA OBRIGATORIA

#### Educación Primaria

- **Segundo e Terceiro Ciclos:** Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural (4,5 horas; obrigatoria, ademais doutra área).

#### Educación Secundaria Obrigatoria

- **Primeiro Ciclo:** Ciencias Sociais (3 h. cadanseu curso) e Ciencias da Natureza (id.).
- **Segundo Ciclo:** Ciencias Sociais (3/4 h. en 1º e 2º cursos) e C. da Natureza (3 h. cadanseu curso). Das materias optativas impartiranse en galego as de Ciencias Medioambientais e da Saúde e, de se-lo caso, a optativa ofertada polo centro.

#### Bacharelatos

- **1º Curso.**  
*Materia común:* Filosofía (3 h.).  
Modalidades: cadansúa materia propia (4 h.).
- **Bach. de Ciencias da Natureza e da Saúde:**  
Bioloxía e Xeoloxía.
- **Bach. de Tecnoloxía:** Tecnoloxía Industrial I.
- **Bach. de Humanidades e Ciencias Sociais:**  
Historia do Mundo Contemporáneo.
- **Bach. de Artes:** Debuxo Técnico.  
*Materias optativas* (4 h.): Ética e Filosofía do Dereito (Bach. de Humanidades).
- **2º Curso.**  
*Materia común:* Historia (3 h.).  
Modalidades: cadansúa materia propia (4 h.).
- **Bach. de Ciencias da Natureza e da Saúde:**  
Debuxo Técnico; Ciencias da Terra e do Medio Ambiente.
- **Bach. de Tecnoloxía:** Debuxo Técnico e Tecnoloxía Industrial II.
- **Bach. de Humanidades:** Hº da Filosofía, Hº da Arte e Xeografía.

#### EDUCACIÓN SECUNDARIA

<sup>11</sup> A Formación Profesional Específica de Grao Medio e Superior estrutúrase en novos ciclos formativos. Entra en fase de experimentación no curso 1994-95 e, baixo a LOXSE propiamente dita, no curso 1995-96; o número de horas de impartición da lingua galega está aínda sen determinar, así como o número e nome das materias específicas que deben ensinársese en galego. Polo de agora, queda ó arbitrio dos Centros e do profesorado.

– **Bach. de Artes:** H<sup>a</sup> da Arte.

*Materias optativas* (4 h.): Introducción ás C. Políticas e Socioloxía; H<sup>a</sup> e Xeografía de Galicia (Bach. de Humanidades).

#### **Formación Profesional**

• **Grao Medio.**

• **Grao Superior.**

Áreas de Coñecemento Teórico-Práctico.

Malia un avance nada cativo, esta Reforma tampouco resulta equitativa na cuestión lingüística coas catro modalidades do Bacharelato pois só o de Humanidades se presenta como vantaxoso, quizais actualizando a vella teima do galego afastado da Ciencia e da Técnica.

No ensino superior, os Estatutos das Universidades de Santiago (1985), A Coruña e Vigo (1990) consideran oficiais as linguas galega e castelá; sen embargo, quitando algúns rótulos exteriores, o uso habitual do idioma vernáculo é abondo escaso: segundo *A Nosa Terra*, só un 20% do profesorado imparte as clases nel. Con todo, a creación dos respectivos **Servicios de Normalización Lingüística** (A Coruña e Vigo, 1991) constitúe un pulo decisivo<sup>12</sup>; no SNL de Santiago (1988), p. ex., mesmo se consolidan no curso académico 1994-95 as **Comisións de Normalización Lingüística** nos Centros (CNL), coa Facultade de Psicoloxía como pioneira. No balance de todo un lustro do SNL compostelán destacan:

- a adquisición de libros e revistas para a propia biblioteca.
- *O Cartafol*, revista-voceiro cuatrimestral, cunha tirada media de 4000-4500 exemplares.
- a organización de cursos de iniciación e perfeccionamento (uns vinte cadanseu ano).
- os miles de páxinas traducidas e corrixidas.
- as campañas para a realización das Memorias de Licenciatura e Teses de Doutoramento na lingua do país.
- a elaboración de vocabularios e léxicos específicos dirixidos, sobre todo, ós e as estudantes (cunhas mil entradas, *grosso modo*).

A posta en marcha das Universidades coruñesa e viguesa a finais da pasada década permite unha maior oferta educativa, tamén dos estudos de Filoloxía Galega, ora que de xeito conflictivo; se antano só podían cursarse en Santiago, no trienio 1990-93 fanse efectivos na cidade herculina e en 1996 prevense para o campus de Pontevedra. Ademais, os novos planos de estudio outórganlle á Filoloxía Galega competencias totais en lugar da simple pertenza a unha subsección, como antano<sup>13</sup>.

<sup>12</sup> No período 1991-95 os SNL de Vigo e A Coruña levan a cabo varias campañas de publicidade (entre elas destaca a intitulada “En galego estamos no mundo”) e a organización de cursos de lingua; así mesmo, tres enquisas sociolingüísticas sobre o coñecemento e uso do idioma propio (Vigo, 1991 e 1995; A Coruña, 1995). Ademais, en Vigo celébranse as Xornadas de Linguaxe Administrativa (1993) e realízase un Vocabulario Informático (1995); na Coruña os Cursos de Narrativa (1993), de Poesía (1994) e de Teatro (1995) así como a coordinación dun libro-homenaxe ó profesor Manuel Taboada Cid, ademais doutras actividades de menor incidencia.

<sup>13</sup> Aínda máis, no plano da Univ. coruñesa (BOE: 20/11/90) o estudio da lingua española figura como opcional; no de Santiago (BOE: 19/8/94) nin sequera iso.

Por outra banda, o mapa das novas titulacións afianza a inclusión da lingua como materia optativa. No vello sistema só Filoloxía Hispánica ofertaba a lingua galega –como obrigatoria, iso si, durante tres horas semanais en terceiro–; desde o curso 1994-95, na Universidade de Santiago existen oito ramas de Filoloxía que, ademais de Xornalismo (1991-92), a ofrecen como materia obrigatoria ou opcional. Pola súa banda, A Coruña e Vigo implantan as dúas novas titulacións de Filoloxía nos cursos 1994-95 (Hispánica, BOE: 15/4/94; Inglesa, BOE:23/11/94) e 1995-96 (BOE: 29/6/95), respectivamente.

#### Universidades e estudio da lingua galega

##### Santiago

##### Filoloxía Hispánica

|                     |                                |            |
|---------------------|--------------------------------|------------|
| 1º Ciclo:           | Segunda lingua I <sup>14</sup> | 6 créditos |
| Optativas 1º Ciclo: | Segunda lingua II              | 6 créditos |
|                     | Lingua galega                  | 8 créditos |
| Optativas 2º Ciclo: | Terceira lingua                | 6 créditos |

##### Filoloxía Portuguesa

|                     |                              |              |
|---------------------|------------------------------|--------------|
| 1º Curso:           | Lingua galega I              | 7,5 créditos |
|                     | Lingua galega/española       | 8 créditos   |
|                     | Prácticas de lingua galega I | 4,5 créditos |
| Optativas 1º Ciclo: | Hª externa da ling. galega   | 9 créditos   |
|                     | Lingua galega II             | 7,5 créditos |
|                     | Prácticas de ling. galega II | 4,5 créditos |
| Optativas 2º Ciclo: | Dialectoloxía galega         | 6 créditos   |

##### Filoloxía Francesa

|                     |                        |            |
|---------------------|------------------------|------------|
| 1º Curso:           | Lingua española/galega | 8 créditos |
| 2º Curso:           | Segunda lingua I       | 6 créditos |
| Optativas 2º Ciclo: | Segunda lingua II      | 6 créditos |
|                     | Terceira lingua I      | 6 créditos |
|                     | Terceira lingua II     | 6 créditos |

##### Filoloxía Italiana

|                     |                        |            |
|---------------------|------------------------|------------|
| 1º Curso:           | Lingua española/galega | 8 créditos |
|                     | Segunda lingua I       | 6 créditos |
| Optativas 1º Ciclo: | Segunda lingua II      | 6 créditos |
|                     | Terceira lingua        | 6 créditos |

##### Filoloxía Románica

|           |                               |              |
|-----------|-------------------------------|--------------|
| 1º Curso: | Prácticas de ling. galega I   | 4,5 créditos |
|           | Primeira lingua román. I      | 9 créditos   |
|           | Lingua galega I               | 7,5 créditos |
| 2º Curso: | Segunda lingua román. I       | 9 créditos   |
|           | Prácticas da 2ª lingua román. | 3 créditos   |

<sup>14</sup> De entre as linguas ofertadas para as materias Segunda lingua I/II e Terceira lingua I/II pode escollerse a galega.

|                     |                            |            |
|---------------------|----------------------------|------------|
| Optativas 1º Ciclo: | Terceira lingua román. I   | 6 créditos |
|                     | Primeira lingua román. II  | 6 créditos |
|                     | Segunda lingua román. II   | 6 créditos |
|                     | Terceira lingua román. II  | 6 créditos |
|                     | Primeira lingua román. III | 6 créditos |
|                     | Segunda lingua román. III  | 6 créditos |

**Filoloxía Clásica** 1º Curso: Lingua española/galega 8 créditos

**Fil. Inglesa e Fil. Alemana**

|                     |                        |            |
|---------------------|------------------------|------------|
| 1º Curso:           | Lingua española/galega | 8 créditos |
|                     | Segunda lingua I       | 6 créditos |
| Optativas 1º Ciclo: | Segunda lingua II      | 6 créditos |

**Xornalismo**

|           |                        |            |
|-----------|------------------------|------------|
| 1º Curso: | Lingua galega/española | 8 créditos |
| 2º Curso: | Lingua galega oral     | 8 créditos |

**Campus de Lugo**

**Filoloxía Hispánica**

|                     |                   |             |
|---------------------|-------------------|-------------|
| 1º Curso:           | Segunda lingua I  | 6 créditos  |
| Optativas 1º Ciclo: | Segunda lingua II | 9 créditos  |
|                     | Lingua galega     | 8 créditos  |
|                     | Terceira lingua   | 12 créditos |

**A Coruña**

**Filoloxía Hispánica**

|                     |                        |            |
|---------------------|------------------------|------------|
| 1º Curso:           | Lingua española/galega | 9 créditos |
| Optativas 1º Ciclo: | Lingua galega          | 6 créditos |

**Filoloxía Inglesa**

|                     |                        |            |
|---------------------|------------------------|------------|
| 1º Curso:           | Lingua española/galega | 9 créditos |
| Optativas 1º Ciclo: | Lingua galega          | 6 créditos |

**Vigo**

**Filoloxía Hispánica**

|                         |  |            |
|-------------------------|--|------------|
| 1º Curso: Lingua galega |  | 9 créditos |
|-------------------------|--|------------|

**Filoloxía Inglesa**

|                     |                                       |            |
|---------------------|---------------------------------------|------------|
| 1º Curso:           | Lingua galega                         | 9 créditos |
| Optativas 1º Ciclo: | Lingua galega II                      | 6 créditos |
|                     | Lingua galega nos seus textos         | 6 créditos |
| Optativas 2º Ciclo: | Lingüística contrastiva inglés/galego | 6 créditos |

Este avance vese contrarrestado parcialmente polas novas titulacións das Escolas Universitarias de Maxisterio que, pese a diverxeren un pouco nos seus planos de estudio, seguen, no fundamental, unha mesma liña desgaleguizadora. Por exemplo, en Santiago no

período 1981-93 existían catro especialidades: **Preescolar**, **Ciencias**, **Ciencias Humanas** e **Idiomas Modernos**; nas tres primeiras, a lingua galega era de estudio obrigado durante dous cursos e na derradeira durante tres; a partir de 1993-94 xorden novas especialidades que modifican o anterior.

#### Educación Infantil

|            |                                   |            |
|------------|-----------------------------------|------------|
| Optativas: | Didáctica do galego oral          | 4 créditos |
|            | Variedades lingüísticas do galego | 4 créditos |

#### Educación Primaria

|           |                                   |            |
|-----------|-----------------------------------|------------|
| 1º Curso: | Ling. e literat. galega           | 6 créditos |
| Optativa: | Variedades lingüísticas do galego | 4 créditos |

#### Educación Musical

|            |                                     |            |
|------------|-------------------------------------|------------|
| 1º Curso:  | Ling. e literat. galega             | 3 créditos |
| Optativas: | Recursos didác. e materiais en gal. | 4 créditos |
|            | Variedades lingüísticas do galego   | 4 créditos |

#### Lingua Estranxeira

|            |                                     |            |
|------------|-------------------------------------|------------|
| 1º Curso:  | Ling. e literat. galega             | 4 créditos |
| Optativas: | Recursos didác. e materiais en gal. | 4 créditos |
|            | Variedades lingüísticas do galego   | 4 créditos |

Aínda que noutras Escolas Universitarias a Educación Infantil se vexa reforzada coa lingua como materia obrigatoria no 1º curso –cómpre non esquecer que, segundo a Lei, debe impartirse a clase na lingua predominante entre o alumnado–, noutras especialidades desaparece como optativa. Velaquí un **gravísimo** retroceso perante un panorama, polo demais, optimista; o xogo de luces e sombras semella non abandona-lo ensino da lingua vernácula en Galicia.

### 3. INTERVENCIÓNS PRIVADAS

Paralelamente ós dous tipos de modalidades anteditos (leis de carácter xurídico e organismos oficiais) xorden iniciativas asumidas por organismos socioculturais, co fin de esperta-lo sentimento de orgullo lingüístico da comunidade na que se quere promover unha lingua. Estes organismos de índole privada –a penas reciben subvencións oficiais<sup>15</sup>– desempeñan un papel moi importante desde o punto de vista social, pois, ade-

<sup>15</sup> A solicitude de subvención á Dirección Xeral de Política Lingüística feita pola Mesa pola Normalización Lingüística en 1995 foille denegada, incluíndose no apartado daqueles “proxectos que deberán ser realizados directamente por empresas privadas, por asociacións de empresarios ou pola propia administración” (cfr. DOG nº 126 do 3 de xullo de 1995).

mais de influíren sobre a sociedade en cuestións relacionadas coa norma, inciden na estimación que os falantes teñen dunha lingua minorada.

En Galicia destacan a **Mesa pola Normalización Lingüística (MNL)**, a **Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia (AFNLG)** e organizacións, sindicatos e asociacións como **Nova Escola Galega (NEG)**, a **Asociación Socio-Pedagóxica Galega (ASPG)**, **CXTG**, **SGTE** E **INTG**, entre outros.

### 3.1. A Mesa pola Normalización Lingüística

Os esforzos desta organización non governamental encamiñanse por dúas vertentes: por un lado faise un labor de **reivindicación** ante institucións que teñen obrigas legais para que cumpran as leis e usen o galego; por outro, un labor de **sensibilización social** por medio de campañas.

A súa actuación repercute naqueles ámbitos prioritarios na Lei de Normalización Lingüística: o Ensino, a Administración, a Xustiza, os medios de comunicación e tamén o comercio e a banca.

Xunto coas organizacións e sindicatos arriba mencionados, propuxo no ano 89 a creación dunha Viceconsellería ou Secretaría de Política Lingüística cuns orzamentos mínimos de 2.500.000 de ptas.<sup>16</sup>, dependente da Presidencia da Xunta, de xeito que tivese operatividade e capacidade de xestión sobre todo o urdido autonómico, e de forma que a Dirección Xeral de Política Lingüística limitase as súas competencias ó ámbito da Educación.

Entre as campañas de denuncia e sensibilización da MNL lémbrense as seguintes:

- **Campañas de denuncia e reivindicación:** como abandono por parte da Administración ó ter almacenados materiais didácticos en galego nos seus centros; novo rotulamento das rúas con topónimos en castelán, adiantándose ó labor do concello; rexeitamento dos orzamentos dedicados á Dirección Xeral de Política Lingüística por consideralos insuficientes; esixencia ó goberno autonómico da galeguización dos servizos administrativos da Xunta e a creación de gabinetes de normalización lingüística en tódalas Consellerías, así como a impartición de cursos entre os funcionarios e a elaboración dunha orde que regulamente o uso do galego tanto a nivel oral como escrito dentro dos servizos da Xunta; denuncia dos casos fraudulentos en concellos que afirman te-los Servizos de Normalización para recibiren subvencións da Dirección Xeral de Política Lingüística e logo dedicadas a outras finalidades; críticas ós orzamentos aprobados para o ano 1991: 414 millóns para a D.X. de P.L. (no discurso de investidura como Presidente da Xunta, don Manuel Fraga asegurara que ía dedicar 3.000 millóns para a promoción do galego); recollida de sinaturas para pedi-la derogación do Decreto de exención da materia de Lingua e Literatura galega para alumnos con deficiencias auditivas ou de fóra da Comunidade Autónoma Galega; solicitude da restau-

<sup>16</sup> A Generalitat de Cataluña destinaba 4.000 millóns á Normalización Lingüística, mentres que os orzamentos que investía a Xunta daquela eran de 294 millóns.

ración da toponimia galega nas estradas, estacións de ferrocarril e no resto das dependencias da Administración estatal en Galicia (Garda Civil, Comisaría da Policía Nacional, instalacións militares).

- **Campañas de sensibilización:** para promover o uso do galego nos comercios (documentos, listas de produtos, anuncios), na banca (rótulos, caixeiros automáticos e formularios para todo tipo de operacións); para a galeguización dos nomes propios e apelidos; para expresarse en galego en tódolos ámbitos.

Cómpre considera-la promoción lingüística realizada por escritores e xornalistas; así mesmo, compositores e grupos musicais, e compañías de teatro, dos cales se destacan as súas creacións.

### 3.2. Composicións musicais

Desde a década dos oitenta están a proliferar grupos de música folk que se inspiran en temas galegos tradicionais e recollen a influencia de grupos estranxeiros da chamada “música celta”. A carón do xa clásico e omnipresente grupo **Milladoiro** destacan, entre outros, **Xorima**, **Xolda** (que xurdiu en Bilbao en 1991 coa finalidade de promover a música folk galega en Euskadi), **Citania**, **Os viaxeiros da luz**, **Nordés**, **Xoán Rubia & Sphair**, **Os Cempés** (que fan un folk de esmorga), **Leilía**, **Berrogüetto**, **Chouteira**, **Saraibas**, **A Quenlla**, **Brath**, **Xistra de Coruxo**, **Pallamallada**, etc. Agora ben, a maioría destes grupos a penas inclúen composicións con letra, o que si fan **A Roda**, **Trisquel**, **Fuxan os ventos**, **Amancio Prada**, **Uxía**, **Suso Vaamonde**, **L. E. Batallán**, **Xocaloma** ou **Petapouco**, algúns dos cales comezaron na década dos setenta e dos oitenta.

Pero se as letras das cancións dos grupos e dos cantantes mencionados soen estar tomadas dos trobadores medievais ou da literatura galega do Rexurdimento e contemporánea, na década dos noventa, e á sombra do grupo **Os Resentidos** e do seu cantante e compositor **A. Reixa**, comeza a poñerse de moda entre un sector de xoves a corrente musical denominada “Rock Bravú, Bravo, Tralla-brava ou Arroutada”<sup>17</sup>, que compoñen letras en galego rozando ás veces a provocación, a retransca, a vulgaridade ou a sátira fronte a aqueles modos de vida que se afastan do propio da cultura galega. Nesta liña están **Os Impresentables**, **Rastreros**, **Papaqueixos**, **Os Diplomáticos de Monte Alto**, **Xenreira**, **O Pinto de Herbón** (que canta “Agro-Rap”), **Bochechiñas**, **O Caimán do río Tea**, **Skornabois**, **Os Túzaros**, **Ruín Bois**, **Kaos**, e moitos máis que recorren as vilas galegas descargando a súa paixón e resentimento amplificadas cos acordes ou discordes das súas guitarras eléctricas.

### 3.3. O teatro galego: postas en escena

Aínda que o teatro nos nosos días é unha arte minoritaria, a representación de obras orixinais en galego ou de versións de obras estranxeiras é abondo importante nos anos que estamos a analizar.

<sup>17</sup> “Os bravús son unha Confederación Irmandiña. Non hai programa, nin ideas preconcebidas, nin uniformes. Unidos pola terra, a lingua e a música, peiteados polo vento, os guerreiros desbrozan as corredoiras cegas” (Manuel Rivas, “Peiteados polo vento”, en *Unión Bravú*, Vigo, Edicións do Cumio, 1996, p. 5).

A continuación ofrecemos unha relación das obras representadas polas compañías de teatro galegas máis relevantes. Non temos en conta os grupos de teatro universitarios<sup>18</sup>.

| OBRA  | AUTOR                  | COMPAÑÍA                | ANO  |                    |
|---|------------------------|-------------------------|------|--------------------|
| Un soño de verán                                  | Shakespeare            | Centro Dramático Galego | 1991 |                    |
| A casa dos afogados                               | Fernán Vello           |                         |      |                    |
| Así é (se vos parece)                             | Pirandello             |                         |      |                    |
| O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca | Álvaro Cunqueiro       |                         |      |                    |
| Andante   |                        |                         |      | Matarile           |
| Fas e Nefás                                       | E. Blanco-Amor         |                         |      | Ollomol            |
| O rousinho de Bretanha                            |                        |                         |      | O Moucho Clerc     |
| Os xustos   | A. Camus               |                         |      | Prods. do Noroeste |
| Hamlet  | A. Cunqueiro           | Sarabela                | 1992 |                    |
| As sillas   | Ionesco                |                         |      |                    |
| Ocasos  | M.Yourcenar/M.Lourenzo | Teatro do Atlántico     |      |                    |
| Tagen Ata   | Méndez Ferrín          | Teatro do Noroeste      |      |                    |
| A casa dos afogados                               | Fernán-Vello           | Centro Dramático Galego |      | 1992               |
| A lagarada  | R. Otero Pedrayo       |                         |      |                    |
| Big Band  |                        | Chévere                 |      |                    |
| Xogos á hora da sesta                             | R. Mahieu              | Malbarate               |      |                    |
| Café acústico                                     |                        | Matarile                |      |                    |
| Saxo Tenor  | R. Vidal Bolaño        | Teatro do Aquí          |      |                    |
| Misterio cómico                                   |                        | Teatro do Morcego       |      |                    |
| Tatuaxe   | M. Lourenzo            | Pífano Teatro           |      |                    |
| A matanza dos Seixas                              | A. Blanco              | Artello                 | 1993 |                    |
| Historia dun soldado                              | Ramuz e Strawinsky     | Centro Dramático Galego |      |                    |
| Un refaixo para Celestina                         | E. Blanco Amor         |                         |      |                    |
| Leoncio e Helena                                  |                        |                         |      |                    |
| Fisterra.Broadway                                 | X. Picallo             | Compañía de María       |      |                    |
| Deriva  |                        | Matarile                |      |                    |
| Commedia  | Cándido Pazó           | Ollomol Tranvía         |      |                    |
| Días sen gloria                                   | R. Vidal Bolaño        | Teatro do aquí          |      |                    |
| Non se chora                                      | R. Cossa               | Teatro do Atlántico     |      |                    |
| Doberman  | A. Reixa               | Teatro do Morcego       |      |                    |
| Galileo Galilei                                   | B. Brecht              | Teatro do Noroeste      |      |                    |
| Xacobe e o seu amo                                | Kundera                | Sarabela                |      |                    |
| A fiestra valdeira                                | R. Dieste              | Centro Dramático        | 1994 |                    |
| Squash  | E. Caballero           | Compañía de María       |      |                    |
| Máquina total                                     |                        | Chévere                 |      |                    |
| Annus horribilis                                  | Pepe Sendón            |                         |      |                    |
| 31  |                        | Matarile                |      |                    |
| Raíñas de pedra                                   | Cándido Pazó           | Ollomol Tranvía         |      |                    |

<sup>18</sup> A información está extraída dos traballos de Ángel Abuín e Noemí Pazó: “El teatro gallego actual en 80 nombres” e de Francisco Pillado “Breve aproximación a una cronología del teatro gallego”, 1849-1995.

|  |  |                         |      |
|--|--|-------------------------|------|
| As vodas de Figaro<br>Macbeth<br>Historias peregrinas  | Beaumarchais<br>Shakespeare<br>M. Anxo Murado  | Teatro do Noroeste      |      |
| Doberman   | A. Reixa   | Teatro do Sur           |      |
|  |  |                         |      |
| A histeria de Lili Brown   |  | Arre Producións         | 1995 |
| A do libro   | José Ferreira  | Artello Teatro          |      |
| Antígona   | Jean Anouilh   | Atide                   |      |
| Bourbon e aspirinas  | Woody Allen  | Atlántida               |      |
| O Mariscal<br>Nin me abandonarás nunca<br>A fiestra valdeira<br>Viaxe e fin de Don Frontán<br>Nau de amores<br>O peregrino errante que cansou ó demo<br>Leoncio e Helena | Ramón Cabanillas<br>J.G. Posada Curros<br>Rafael Dieste<br>Rafael Dieste<br>Gil Vicente<br>Xavier Lama<br>Bühner | Centro Dramático Galego |      |
| Annus horribilis<br>Máquina total<br>Cabaret Tan Tan   | Pepe Sendón  | Chévere                 |      |
| Squash<br>Amén   | Ernesto Caballero<br>Xavier Picallo  | Compañía de María       |      |
| A cociña   | Arnold Wester  | Eis                     |      |
| Un día calquera  | baseada en <i>Before Breakfast</i> , de Eugène O' Neill  | Espello Cóncavo         |      |
| Na soidade dos campos de algodón   | Bernard-Marie Koltés   | A Factoría Teatro       |      |
| 31<br>Museo  | Ana Vallés<br>Antonin Artaud   | Matarile Teatro         |      |
| O Rei nu<br>Commedia. Un xoguete para Goldoni  | Ch. Andersen   | Ollomol Tranvía         |      |
| Cama 2 por 2 para 2<br>A esmorga   | Sergi Belbel<br>E. Blanco-Amor   | Sarabela                |      |
| Rezagados<br>Fando e Lis<br>TWC  | Ernesto Caballero<br>Fernando Arrabal  | Talía Teatro            |      |
| Copenhague<br>Venenos  | X.Cid Cabido e A.Vila<br>Xesús Pisón   | Uvegá-Teatro            |      |
| A ópera do patacón<br>O desengano do prioiro   | John Gay e B. Brecht<br>R. Otero Pedrayo   | Teatro do Aquí          |      |
| Tolos de amor<br>Casa de bonecas   | Sam Shepard<br>Henrik Ibsen  | Teatro do Atlántico     |      |
| Os patios da memoria   | Ever Martín Blanchet   | Teatro do Morcego       |      |
| Terra de Lobos<br>Tic Tac  | Antonio Torrado<br>Suso de Toro  | Teatro de Ningures      |      |
| Historias peregrinas<br>As vodas de Figaro<br>Macbeth  | M.A. Murado<br>Beaumarchais<br>Shakespeare   | Teatro do Noroeste      |      |
| Azos de esguello<br>Os cravos de prata   | Euloxio Ruibal<br>Manuel Sierra  | Teatro do Vilar         |      |
| Fálame de ti   | Darío Fo e Franca Rame   | Teatro Xalgarete        |      |

Entre os certames e festivais de teatro que se celebran en distintas vilas galegas destacarémo-los seguintes:

Certame Galego de Teatro Xuventude (Lugo), Certame de Outono de Carballo, Festival de Teatro (O Carballiño), Festival de Teatro Universitario, Mostra de Teatro Armando Cotarelo Valledor (Vilagarcía), Mostra de Teatro Cómico (O Barco de Valdeorras), Mostra de Teatro Cómico (Cangas), Mostra de Teatro (Cee), Semana de Teatro de Rianxo e Xornadas de Teatro de Burela.

### 3.4. A Igrexa

A versión galega dos textos litúrxicos supón un importante fito para a normalización da lingua. O seu emprego na liturxia, especialmente nas parroquias rurais onde o galego é a lingua normal da poboación nas relacións cotiás, depende da vontade dos presbíteros e dos propios fregueses que teñen dereito a demandalo.

Neste senso a **Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela**, integrada polas cinco dioceses galegas –Lugo, Mondoñedo-Ferrol, Santiago, Ourense, Tui-Vigo– e parte de Astorga, encargouse de editar en galego as obras litúrxicas.

É a **Comisión de Liturxia das Dioceses de Galicia** a responsable de prepara-las edicións que executa a **Delegación Diocesana de Liturxia de Santiago** coa coordinación xeral da **Secretaría dos Bispos de Galicia** (ata o ano 95 era don Germán Alonso o responsable da coordinación).

Feita a versión ó galego polo equipo de tradutores a partir da latina (co cotexo doutras versións coma a italiana, a portuguesa ou a castelá), lévanse a cabo supervisións e correccións do texto galego. Nesta tarefa participan especialistas da **Dirección Xeral de Política Lingüística** e colaboran o **ILG** e o centro **Ramón Piñeiro**. Unha vez aprobados os textos, primeiro polos Bispos das Dioceses de Galicia, e logo, pola **Conferencia Episcopal** en Asemblea plenaria, é a **Sagrada Congregación para os Sacramentos e o Culto Divino**, en Roma, quen fai a derradeira revisión e corrección dos textos. A editorial barcelonesa **Regina** fai a edición (arredor de tres ou catro mil exemplares). Unha vez editados, en Galicia a distribución realízaa **Galaxia**.

Cos antecedentes do *Ritual do Bautismo de nenos* (1978) e do *Ritual do Matrimonio* (1980), as edicións en galego dos textos litúrxicos veñen sucedéndose coa orde que salientamos: no ano 1987 editase o *Misal Romano* (edición rapidamente esgotada), en 1993 sae á luz o *Misal propio das Dioceses de Galicia*, que recolle as celebracións propias de Galicia como a conmemoración da consagración da Catedral de Santiago, patróns das dioceses, festividades de santos relacionados especialmente coa historia da igrexa galega, etc.; no ano 1994 publícanse dous rituais: o *Ritual do Bautismo de nenos* (2ª ed.) e o *Ritual da Confirmación*; ó seguinte ano, 1995, o *Directorio e Ritual para os Ministros Extraordinarios da Eucaristía*, o *Ritual de Exequias* (traducción do castelán) e o *Cantoral para a Celebración de Exequias* –no que o 75% son composicións orixinais galegas–.

Salvo as edicións de 1978 e 1980, o resto das edicións contan coa axuda da Dirección Xeral de Política Lingüística, que aporta o 50% dos custos segundo o convenio estable-

cido coa Comisión de Liturxia das Dioceses de Galicia.

Non podemos omitir a mención á tradución da *Biblia* a partir dos textos orixinais en arameo, hebreo e grego, versión subvencionada pola Xunta e publicada por SEPT no ano 1989, e que acadou o Premio Nacional de Tradución do ano 1990 outorgado polo Ministerio de Cultura.

Á parte dos textos litúrxicos, desde hai moitos anos teólogos, cregos e cren-tes fan uso do galego nas súas publicacións, sexan ensaios ou artigos periódicos coma os das revistas *Encrucillada* ou *Irimia*.

Esta última é a revista da **Asociación de Crentes Galegos Irimia** que o 16 de setembro de 1978 neste Pedregal celebrou a súa primeira romaría coa presenza duns mil cincocentos asistentes. Daquela ata hoxe vén repetindo a experiencia tódolos segundos sábados do mes de setembro. A finalidade destas romarías é resalta-la fe cristiá unida ás raíces da cultura galega. Sempre, baixo un lema e en distintos puntos da xeografía galega, celebran unha eucaristía en galego, recitan composicións feitas polos participantes e comparten unha comida de fraternidade na que non falta a colaboración de grupos de danzas e de música folk galegos (entre os que son asiduos A Quenlla e Saraivas). Nos últimos cinco anos a Romaría de Crentes galegos celebrouse nos seguintes lugares e baixo estes lemas:

|      | Lugar                         | Lema                      | Nº asistentes |
|------|-------------------------------|---------------------------|---------------|
| 1991 | Monte do Faro                 | “Ergo os meus ollos”      | 4000          |
| 1992 | As Ermitas de Antas (A Lama)  | “Unha terra que medra”    | 5000          |
| 1993 | A Nosa Sra. do Viso (Lobeira) | “Vainos facendo o camiño” | 3000          |
| 1994 | Monte da Santa Cruz (Ribadeo) | “Coma un irmán che falo”  | 5000          |
| 1995 | Aguíño                        | “Somos pedras vivas”      | 6000          |

Outra experiencia de cristiáns galeguistas e progresistas é a de **URCA**, que xorde no ano 1992 con obxectivos similares ós doutras que se celebran en Cataluña (o *Proxecto David*), no País Vasco (*Krisart*) ou en Andalucía (*Vivar*). URCA é o nome dunha embarcación de orixe celta; pretenden os seus organizadores crear un *espacio de encontro* para intercambiaren experiencias e potenciaren a intercomunicación dos distintos grupos, movementos e parroquias, *de expresión* das capacidades de creación artística que xorden da fe por medio das linguaxes plásticas, musicais e dramáticas, e *de solidariedade* cos desfavorecidos. Cada verán xúntanse para levar a cabo seminarios, mesas redondas, obradoiros, celebracións, concertos e exposicións. A lingua galega é a empregada nos folletos e nas presentacións destes encontros, aínda que neles participa xente de fóra de Galicia.

## 4. OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

### 4.1. Radio e TV

Xa desde finais dos anos oitenta as emisoras de radio municipais aumentan pero é nos noventa cando, na verdade, proliferan. As horas de audición oscilan entre cinco e nove

horas e a audiencia aproximada –na maior parte sen estudar–, entre sete e dez mil oíntes (unha das máis populares é Radio Eume-As Pontes); a programación, sempre en galego, esporadicamente ten algunha excepción como determinadas entrevistas ou algún que outro programa musical.

No terreo das televisións locais (xurdidas nos noventa) as horas de emisión varían desde tres ata dezaseis horas diarias –cunha media dunhas oito– e a programación ofrécese en lingua galega. Sen embargo, na práctica isto ocorre unicamente na produción propia e as excepcións son moi frecuentes, en concreto, na emisión dos documentais e filmes; debido á carencia de medios as películas alúganse sen dereitos de autor e, tamén por razóns económicas, non se dobran ó galego. A conclusión, logo, en canto ó uso do idioma se refire, non é optimista, tendo en conta que aproximadamente a metade da programación se basea na emisión dos filmes –que gozan, ademais, dun maior índice de audiencia, feito este agravado no caso dos programas infantís–. Certamente, a creación das televisións locais non semella ser unha gran solución para o progreso da lingua autóctona. En canto á TVG, emite unhas dezanove horas, máis que en anos anteriores. Aínda así, non pode competir co resto das televisións públicas e privadas do Estado que, á súa vez, aumentaron as horas de emisión; deste xeito, TV1, TV2, Antena 3, Tele 5 e Canal Plus<sup>19</sup> emiten case ininterrompidamente durante todo o día e ó longo da semana-bardante do domingo, onde a redución é mínima–. O aumento das televisións privadas supón que a lingua galega perda terreo diluída entre un *mare magnum* de canais.

#### 4.2. A prensa

Salvo o diario *O Correo Galego* da empresa Editorial Compostela, S.A., no período que analizamos non se publica ningún outro xornal enteiramente en galego (*A Nosa Terra* é un semanario).

O uso do idioma galego na prensa diaria é máis ben escaso pois os xornais *El Progreso* (Lugo), *La Región* (Ourense), *El Ideal Gallego* (A Coruña) e o *Faro de Vigo* só o empregan nalgúns artigos de opinión dos colaboradores, nalgunhas cartas ó director, nos anuncios das distintas Consellerías da Xunta de Galicia, das Universidades galegas e, ocupando páxinas enteiras, publicidade da Xunta para diversas campañas. No ano 1993 (en que se celebran eleccións ó Parlamento galego) aparece en tódolos xornais propaganda electoral en galego. Ademais desta tónica común cómpre destaca-la publicación de suplementos culturais ou didácticos<sup>20</sup>, algunhas recensións de novidades bibliográficas, así como a elaboración de reportaxes co gallo de celebracións populares (festas locais, Entroido) ou do Día das Letras Galegas<sup>21</sup>. A inclusión de noticias redactadas en galego é moi

<sup>19</sup> No caso de Canal Plus a metade da programación está codificada e resulta inaccesible para a grande maioría.

<sup>20</sup> Téñase en conta que a D. X. de Política Lingüística oferta subvencións a xornais galegos para a edición de suplementos didácticos e promoción da lingua galega.

<sup>21</sup> No ano 1995 o Grupo Analistas de Cartera, S.A. (*Diario 16 de Galicia*) recibiu tres millóns de pesetas da Xunta de Galicia (*vid.* DOG nº 136 do 17 de xullo de 1995) por facer unha edición enteira en galego.

esporádica en *El Progreso*, *La Región* e *Faro de Vigo*, e nula en *El Ideal Gallego*, e sitúanse nas seccións de Galicia ou nas de información local.

Nos xornais *El Correo Gallego* e *La Voz de Galicia* véñense inserindo, á parte do destacado nos catro anteriores, noticias non só nas seccións de Galicia e nas locais, senón tamén nas de Nacional e Internacional.

#### 4. 4. As publicacións periódicas

O volume destas, moi elevado desde os anos oitenta, continúa en progresión. Mesmo ó longo de 1990-1995 o aumento é considerable, de aí que practicamente tódolos campos estean cubertos bardante do deportivo, musical, a prensa do corazón e, con moito, a deficiencia máis grave: a carencia dunha revista infantil tralas tentativas frustradas de *Vagalume* e *Bule-bule*; as únicas entregas periódicas corresponden ás Edicións *A Nosa Terra* coa colección –en vinte volumes– *A Nosa Historia*, ilustrada e adecuada ó público infantil.

Vencelladas á política figuran *Avante!* (1990-), boletín informativo do BNG, creado en A Coruña polo colectivo do mesmo nome, *Mocidade* (1991-), voceiro de Galiza Nova, e *Terra e Tempo* (1965-; 1995-, segunda época), revista de información editada pola Unión do Pobo Galego. Polo compromiso fundamente social destacan *Ar!* (1994-), ferreamente antimilitarista, *Outrasvozes* (1993-), editada polos Comités de Solidariedade de Galicia (COSAL), a *Revista da Comisión Galega contra o V Centenario* (1989-1993), de efémera vida tendo en conta o obxectivo e, finalmente, *S'homos* (1993-), voceiro do Colectivo Gai de Compostela. E, en menor medida, *Galicia Internacional* (1994-), revista para o debate sobre a actualidade política e cultural e *Inzar Razóns* (1992-), de contido afin.

Temas de gran transcendencia social son tamén a ecoloxía, o feminismo e a relixión, que contan cunha presenza significativa. Así, a preocupación pola ecoloxía e a defensa do medio ambiente asúmen *Adega* (1991), voceiro da mesma asociación logo continuada por *Cerna* (1991) e *Braña* (1995-), boletín da Sociedade Galega de Historia Natural, que nunha etapa anterior tivera os seus comezos alá polo ano 1977; o *Paspallás* (1991), boletín trimestral da SGHN, non foi máis que un proxecto de breve duración. *Natureza Galega* (1991-) completa o panorama.

De orientación feminista, *Andaina* (1991-) e *Festa da Palabra Silenciada* (1983-) son publicacións elaboradas unicamente por mulleres; a primeira desenvolve temas de actualidade entreverados coa literatura, mentres a segunda se dedica á investigación e creación literarias. Ó ámbito relixioso pertencen *Encrucillada* (1977-), máis ben de pensamento cristián e *Irimia* (1981-), identificada co mundo dos crentes.

Un eco social, aínda que menor, posúeno *A Freita* (1992-) e *Britonia* (1994-), creadas pola MDGA (da Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca).

Un paso de xigante dado nestes anos é a aparición de revistas profesionais especializadas, máis alá das habituais do ensino, de lingua e de literatura. Por exemplo, a de arquitectura e urbanismo *Obradoiro* (1983-) e as especializadas en ciencias e técnicas *Ingenium* (1988-) –editada polo Seminario de Estudos Galegos– e na economía, tales como *Análise*

*Empresarial* (1989-), *Cooperativismo e Economía Social* (1990-) –creada en Empresariais de Vigo, un dos fins é a promoción do cooperativismo en Galicia– e a *Revista Galega de Economía* (1992-).

Destinados ó estudio lingüístico están os *Cadernos de Lingua* (1990-). Ó literario –o máis rico– *O Mono da Tinta* (1987-1991), cinxido á creación e ós artigos de opinión e *Nordés* (1980-), única publicación dedicada integramente á poesía. Outras son o *Boletín Galego de Literatura* (1989-) e as consagradas á creación e á crítica *Clave Orión* (1995) –desligada por completo de Nordés–, *Contemporánea* (1995), editada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e *Dorna* (1981-). Os *Cadernos de Teatro* (1995) continúan os *Cadernos da Escola Dramática Galega* (1978-1994), ofrecendo obras teatrais e comentarios. *Información Teatral* (1989-) e a *Revista Galega de Teatro* (1989-) completan o panorama. A recente *Viceversa* (1995) enche o baldeiro existente na tradución.

No terreo da pedagogía, didáctica e psicoloxía cómpre destaca-la *Revista Galega de Educación* (1986-) de Nova Escola, *Revista Galega do Ensino* (1993-) e *Cadernos de Psicoloxía* (1986-).

Publicacións universitarias son *O Cartafol* (1992-), creada polo Servicio de Normalización da Universidade de Santiago –que pretende constituírse nun foro de debate científico– e as correspondentes ás Facultades de Filosofía, Xeografía e Xornalismo: *A Regueifa* (1991-) –cun deseño novidoso, aporta entrevistas, creación, banda deseñada...–, *Aula Ínfima* (1991-) e *Alicerces* (1994-), respectivamente. Tamén un Colexio Maior, o Rodríguez Cadarso, edita *Eis* (1990-).

Información xeral achégana *A motora dos Canedos* (1993), da asociación cultural Os Canedos de Esteiro; *Falabarato* (1994-), revista mensual de anuncios e os comarcais xornal *A Peneira* (1984-) de O Condado e a revista *O Irmandiño* (1995), de Monterrei.

No campo cultural, Galicia conta cun número respectable de publicacións. Atendendo á duración a decana, sen dúbida, é *Grial* (1963-). Séguena *Agália* (1984-), basicamente centrada na lingua e literatura, *Luzes de Galiza* (1985-) –de contido plural–, *Nós* (1986-) –revista da lusofonía–, *ITH* (1987-1991) –curioso cartafol da ‘Irmandade Céltiga’ creado por uns mozos muradáns, que presenta algúns artigos tan pintorescos como “O humor nos países celtas” ou “A harpa do bardo”– e os *Cadernos A Nosa Terra* (1989-). Na década dos noventa nacen *A Trabe de Ouro* (1990-), *O Correo da Unesco* (1991-) –por fin, tras ardua loita, conséguese a tradución–, *Anima+l* (1991-) e *Larouco* (1991-) –histórica e de tradicións, concibida polo grupo arqueolóxico do mesmo nome–. Tamén *Formigueiro* (1993-), das Asociacións Culturais Galegas, *Quarto Crescente* (1993), de ideoloxía esquerdista e aparición en A Estrada, *Gume* (1995-), editada pola Asociación Monte Branco de Ponteceso e dedicada á lingua, literatura e arte, *Nasa* (1995-), publicada pola sala de espectáculos coas mesmas siglas –Nave de Servicios Artísticos; local estable de Chévere– e *Galiza Breizh* (1995-), que ensalza as relacións entre Galicia e os pobos célticos, especialmente a Armórica; os temas son similares á vella *ITH*: “O Sargadelos bretón”, “Dous himnos celtas”, etc.

As revistas do alumnado de Ensinanza Secundaria, pola súa banda, empregan nos anos noventa a lingua vernácula de forma masiva –así se constata en máis de cen Institutos, feito este esporádico ou inexistente antes de 1980<sup>22</sup>.

Fronte a un panorama tan optimista, é preciso sinalar que existen aínda terreos alcanzados tan só a medias, onde o galego comparte uso, ben de forma maioritaria ou en franca minoría. En *Ingenium* e na *Revista Galega de Economía*, por exemplo, galego e inglés –escaso– son os elixidos. Non así na *Nova Acta Científica Compostelana* (1990-), relativa á Bioloxía e trilingüe –español, galego, inglés, por esta orde–. En fin, aínda se mostran reticentes as publicacións bilingües dedicadas á Arte, o Dereito, a Administración, os medios audiovisuais, etc., xunto con outras de ámbitos xa galeguizados (relixión, lingüística,...) pero reacias a decantárense polo monolingüismo. Finalmente, as distintas Consellerías publican textos non venais. *Consumidores* (1994-) pertence á de Industria e Comercio, *Galicia en cifras* (1988-) á de Agricultura, Gandería e Montes e á de Economía e Facenda os sucesivos números da *Estatística de Comercio Exterior* (1990-) e a *Análise económico-financeira das corporacións locais galegas* (1990-). En colaboración co Instituto Galego de Estatística, esta Consellería publica tamén estudos monográficos sobre o mercado de traballo. Pola súa parte, a da Presidencia e Administración Pública encárganse de editalo *Diario Oficial de Galicia* (1982-). Desde 1995 publica tamén *O Correo Galego*, *As Primeiras Novas do 94*, coas portadas do diario ó longo do ano xa caduco.

#### 4.4. Os medios audiovisuais

A mediados dos anos setenta, Galicia ocupa un lugar sobranceiro dentro do Estado no que atinxe á imaxe, sobre todo en vídeo (a primeira productora patria foi Espello). Ó cine, considerado o futuro do país, dedicábase un grupo de xente moza e vangardista que, co proxector ás costas, recorría Galicia “liberando terra”; desta época destacan Manuel Abade, en particular, o malogrado Chano Piñeiro (director e guionista, daquela moi xove). Este comeza a facer cine en Súper 8 cos títulos *Os paxaros morren no aire* (1977) e mais *Eu, o tolo* (1979); esta andaina ten continuidade co filme infantil *Malapata* (1981) e as primeiras curtametraxes: *Mamasunción* (1984) –premiada en seis ocasións en continentes tan dispares como Europa, África e Oceanía e exhibida en moitos Festivais Internacionais– e *Esperanza* (1986). Todo isto culmina coa emisión de *Sempre Xonxa* (baseada nun feito real, a traizón entre dous amigos que volve tolo a un deles), auténtico fíto na historia da nosa cinematografía por tratarse da primeira longametraxe que, xunto con outras pioneiras –*Continental* e *Urxa*– se estrea na Mostra Cinegalicia (1989), no vigués cine Fraga. Con todo, esta aterraxe prodúcese con certo retraso tralo óptimo despegue.

Consciente o goberno da importancia deste sector, por medio do decreto 210/1989, do cinco de outubro, crea o **Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI)**, dependente da

<sup>22</sup> Unha visión panorámica ofrécese nas páxinas finais da edición facsimile de *Gelmírez* editada polo CILLRP, que tamén publica os libros *Informe de literatura 1995* e *Repertorio bibliográfico da lingüística galega*, abondo incompletos ambos no que ás publicacións periódicas se refire.

Consellería de Cultura e inaugurado un ano despois na cidade herculina. Entre outras, as funcións deste estriban na realización de espectáculos, na contribución á formación técnica e artística dos profesionais e no desenvolvemento da arquivística, información e investigación sobre as artes da imaxe. O exercicio da función directiva apóiase nun director –contratado entre profesionais do medio– e un consello asesor, formado por dous xefes dos departamentos das artes videográficas e da fotografía, un administrador do Centro (funcionario da Consellería de Cultura) e tres membros prestixiosos do eido da imaxe.

De enorme importancia é tamén a creación da **Escola Galega de Imaxe e Son** (1991) da Coruña, así como as entidades privadas **APAG** (Asociación de Profesionais do Audiovisual Galego, 1993), **AGAPI** (Asociación Galega de Productoras Independentes, 1994) e o **Grupo EAVE Galicia** (1994), co obxectivo común de favorecer-lo sector. A APAG procura, ademais, funcionar como Colexio Profesional e organizar actos (encontros, etc.) para os asociados e público en xeral; o presidente é Miguel Anxo Murado. A AGAPI busca reforzar unha industria punteira –á parte de cultural– por medio da forza corporativa das empresas. O Grupo EAVE (Les Entrepreneus de L'Audiovisuel Europeen) pretende a defensa do cine europeo, que en Galicia anhela o dinamismo doutras terras europeas como Gales, por exemplo, que en 1994 colocou unha película entre as nominadas para o Óscar.

Entre tanto, no ano 1994 proxéctase nos cines Área Central de Santiago o filme estranxeiro *As viúvas*, ofrecido ó público tanto en galego coma en español, iniciativa esta que non calla e deixa de repetirse.

Que o sector cobra un auxe inusitado demóstrao a convocatoria (maio de 1994), por parte da Xunta, ós representantes do sector. A partir de aquí créase unha comisión que elabora as *Propostas para unha Política Audiovisual Galega*, dadas a coñecer en agosto en Xociviga e que toman como punto de partida as conclusións do I Congreso do Audiovisual Galego.

Realmente, o sector cualifícase de prioritario, pois con sesenta e tres empresas produtoras –das que unha parte respectable produce en galego– e 3.190 traballadores, ocupa o terceiro lugar en importancia en España e as previsións (Libro Branco da Unión Europea) apuntan a un elevadísimo potencial de mellora; así, o orzamento para o ano 1995 é de 100.560.724 ptas. Nestas mesmas *Propostas* figura un apartado específico destinado a unha política potenciadora da lingua galega en ámbitos practicamente sen explotar (como as salas comerciais e o vídeo de aluguer, mediante a dobraxe e o subtítulado), mais nada se ten visto polo de agora.

O panorama complétase coa **Mostra Imaxe Galega 90-94**, efectuada nos cines Valle Inclán de Santiago en outubro de 1994 e compendio dos máis de sesenta títulos auspiciados pola Xunta que, pese á aparente bonanza, non sempre presentou filmes, por unha banda, producidos en lingua galega nin, por outra, de excesiva calidade<sup>23</sup>.

<sup>23</sup> A crítica que D. Macho realiza ó medio audiovisual galego é, na verdade, corrosiva. Pero non só con respecto ás subvencións gobernamentais, inclúe tamén algún director e o corpo técnico.

## 5. A SITUACIÓN EN EUSKADI

Na Comunidade Autónoma Vasca o éuscaro acadou rango de idioma oficial desde finais de 1979 (promulgación do Estatuto de Autonomía) e 1982, en que se aproba a Lei de Normalización<sup>24</sup>; en Navarra –Nafarroa– conséguese por medio do Amejoramiento Foral (1982) e a Lei do Vascongado (1986), aplicable só naquelas zonas onde perdura. Non convén esquecer que esta lingua transcende esas fronteiras para falarse ademais, sen regulamentar, no seo do Departamento francés dos Pirineos Atlánticos ou País Vasco Norte (Lapurdi, Nafarroa Beherea –Baixa Navarra– e Zuberoa); velaí o que constitúe Euskal Herria, literalmente, “pobo falante da lingua vasca”. Con todo, neste territorio tan só o 1% da poboación total (23.500 persoas) é monolingüe euscaldún, fronte a un 67,91% monolingüe en español ou francés.

En Euskadi, o idioma propio mantense no ensino por medio das *ikastolas*<sup>25</sup> desde 1960 e a partir de 1979 introdúcese plenamente no sistema público e privado, onde existen tres modelos de centros escolares, segundo o papel que en cada un deles desempeña a lingua vasca, a teor do Decreto de Bilingüismo (1983) que se poden caracterizar así:

- Modelo A.** Ensinanza en castelán, con ensinanza do éuscaro como materia en tódolos cursos cun mínimo de tres horas semanais en cada curso.
- Modelo B.** Ensinanza predominantemente en castelán, con ensinanza do éuscaro en tódolos cursos e ensinanza en éuscaro dalgunhas materias.
- Modelo C.** Ensinanza en éuscaro con ensinanza do castelán como materia en tódolos cursos<sup>26</sup>.

A evolución decántase por un avance progresivo dos modelos B e C na ensinanza infantil e máis EXB, con menor presenza en Secundaria; así mesmo, aqueles ofértanse máis na rede pública que na privada. Na Universidade, o progreso resulta notorio; no curso 1990-91 o 32% das materias impártense en vasco, en 1994-95, o 49% (dun total de 3.540). Por outra banda, de 3.220 profesores ensinan na lingua vernácula 618.

Que o idioma se vencelle ás novas tecnoloxías, prioritario para a Viceconsellería de Política Lingüística, reflíctese tanto na versión a partir do inglés dos programas informáticos *Word 6.0* –o máis usado– e *Windows 95*<sup>27</sup> como no uso da tecnoloxía multimedia en

<sup>24</sup> A **Viceconsellería de Política Lingüística** nace en 1983. Hoxe en día está adscrita ó Departamento de Cultura, do cal dependen tamén o **HABE** (Instituto de Alfabetización e Reescaldunización de Adultos), a **Dirección de Estudos e Información**, a **Dirección de Normalización Lingüística nas Administracións Públicas** e a **Dirección de Promoción do Éuscaro** (por medio das iniciativas privadas).

<sup>25</sup> Rede de escolas de carácter popular, nadas ó abeiro do Goberno Vasco en plena Guerra Civil (1936-39). O ensino era, fundamentalmente, en éuscaro.

<sup>26</sup> Para estos modelos pode verse M. Siguán, *España plurilingüe*, Madrid, Alianza editorial, 1992, p. 243.

<sup>27</sup> En Galicia tan só reivindicou a versión deste sistema operativo a MNL, por medio dunha campaña consistente no envío de tarxetas-protesta a Microsoft Ibérica; entre tanto a Dirección Xeral, impertérrita. O desinterezo patente da Xunta, Deputacións, Concellos e Universidades maniféstase, ás veces, no incumprimento mesmo das leis e estatutos das propias institucións. A única actuación positiva é o Informe (1995) elaborado por unha **Plataforma polo Galego na Informática** (grupo de estudantes desta disciplina do campus coruñés) en colaboración coa MNL.

*CD-ROM*: o primeiro traballo neste soporte é o intitulado *Pasado e Presente da lingua vasca*; proxectados hai diversos estudos sobre os territorios históricos, un diccionario interactivo, un atlas electrónico mundial e mesmo produtos enciclopédicos.

Tamén os vídeos comerciais en éuscaro (películas, documentais e debuxos animados) foron postos á venda no período 1987-95, con prezos competitivos e precedidos de fortes campañas; en total, tiráronse 116 vídeos, dos que se venderon case 55.000 copias.

En canto á produción escrita, desde 1989 existe un convenio que produciu a Literatura Unibertsala, ou tradución anual dos clásicos máis relevantes, tras unha escolla previa das diferentes traducións –dunha mesma obra– por un xurado competente. O mundo infantil áchase representado por tres revistas: *Kili-kili* (1966-), *Ipurbeltz* (1977-) e *Xirrixta* (País Vasco Norte, 1992-) de contido múltiple: cómic, entrevistas, reportaxes, cartas, contos, xogos, traballos manuais, etc.

A creación dunha radio e televisión autóctonas en 1982 deu lugar ás emisoras de Euskadi Irratia –con programación de tipo convencional– e Euskadi Gaztea –radiofórmula–, que emiten durante as 24 horas. Outras radios parcial ou integramente en éuscaro (en todo o territorio histórico) son as de carácter local e comarcal; as radios libres cínxense no básico á lingua propia. Tamén a cadea de TV *Euskal Telebista* emite só en vasco (proximamente, vía satélite, para o pobo emigrante); os programas baséanse, por esta orde, nos infantís e xuvenís –este tramo de idade conta con maior competencia lingüística, de aí o interese–, deportivos, informativos e cine. En 1995 o 65.4% da programación era propia, o cal permite unha próspera industria audiovisual.

A prensa diaria está cuberta con *Euskaldunon Egunkaria* e a local con revistas gratuítas de periodicidade variable, financiadas mediante a publicidade e as subvencións (en 1995 chegaron a ser 46, publicándose 117.000 exemplares para 350.000 lectores, *grosso modo*).

Un derradeiro aspecto, curioso, é a celebración de festas populares en prol do idioma, tanto por parte da *Euskaltzaindia* –Real Academia da Lingua– como da coordinadora de euskaldunización e da federación de *ikastolas* –esta, para recadar fondos que aseguren a continuidade; máis de mil millóns de pesetas no último lustro–; a concorrencia no mesmo período varía, desde varios miles de persoas ata máis de seiscentas mil.

## 5. A SITUACIÓN EN CATALUÑA

O Estatuto de Autonomía (1979) é fundamental pois permite a creación, por parte da *Generalitat* e o seu *Departament de Cultura*, da *Direcció General de Política Lingüística* no ano 1980 –da que logo nace o *Institut de Sociolingüística* e deste, en 1991, o *Centre de Documentació en Sociolingüística*<sup>28</sup>–; máis tarde elabórase a Lei de Normali-

<sup>28</sup> O CDS é a biblioteca sobre aspectos sociais da linguaxe máis importante do mundo despois do CIRAL (Centre International de Recherche sur l'Aménagement Linguistique) do Quebec.

zación (1983). Nas Comunidades Autónomas de Valencia e Baleares os respectivos Estatutos son máis tardíos (1982 e 1983, respectivamente), así como as Leis (1983 e 1986); no Estado de Andorra, a Constitución (1993) consagra como única lingua oficial o catalán. Con escasa protección xurídica atópanse os restantes territorios históricos de lingua catalana: Cataluña Norte –ou *Departament dels Pirineus orientals*, no sueste de Francia–, a fronteira con Aragón –*Franja de Ponent*– e a cidade sarda de Alguer.

Particularmente coidado figura o ensino; desde o ano 1978 o estudio desta posúe carácter obrigatorio, reforzado logo coa *Llei de Normalització*. No ensino Primario os modelos de escola son:

**Modelo A ou catalán**

**Modelo B ou bilingüe evolutivo**

**Modelo C ou bilingüe estático.**

A metade das escolas con modelos A e B seguen os plans de inmersión lingüística, isto supón que arestora un 63% dos centros de EXB sexan unilingües cataláns ou tipo A. No ensino secundario o panorama é menos optimista; só un 40% dos centros imparten as dúas materias obrigatorias en catalán e isto agrávase no sector privado, que incumpre de cheo a normativa. Nas Universidades hai grandes diferencias; na Politécnica mellora, de xeito que o 40% do alumnado recibe 4 ou máis materias por curso en catalán. Non así nos centros privados, pois a utilización oral e escrita –apuntamentos, bibliografía– cínxese ó mínimo.

A respecto das novas tecnoloxías, existen tanto grandes programas informáticos específicos –p. ex. nalgúns bancos– como programas de informática persoal, de grande difusión (non menos de trinta). Para mostra, un botón: en 1987, a maior empresa de informática do mundo modificou o teclado nas máquinas para introducir un signo ortográfico autóctono e así continuar coa venda en Cataluña. Pola súa banda, a *Generalitat* participa activamente –máxime co Decret 322/1992– na creación de:

1. Dicionarios de informática en colaboración co TERMCAT (Centro de Terminoloxía).
2. AD HOC, corrector ortográfico útil para calquera procesador de textos que non precise da pantalla gráfica.
3. A campaña *Posa't el Català en pantalla* ou substitución gratuïta dalgúns programas orixinais pola versión catalana.
4. A campaña PIE (Programa de Informática Educativa), con máis de cen programas no ano 1992.
5. Unha lista de produtos coa **interface** ou manuais en catalán, mercados con prioridade a nivel gubernamental. En formato *CD-ROM* destacan as tres entregas da *Gran Enciclopèdia Catalana*. No sector videogràfic a oferta é reducida, aínda así, no bienio 1990-91 dobráronse oitenta películas. No que atinxe á cinematografía, en 1986 créanse as subvencións para as longametraxes exhibidas só en catalán que chocan, sen embargo, coa política do Ministerio de Cultura estatal ó prohibi-la

estrea dunha película en catalán antes que a súa versión castelá; con todo, a *Generalitat* concede axudas para a dobraxe e o subtítulado (con trece filmes beneficiados en 1991 e máis de vinte en 1993). Sicasí, a polémica está servida; segundo un artigo de *Avui*<sup>29</sup>, de 61 proxeccións en Barcelona só dúas se realizan en catalán, de aí campañas como a das *Juventuts Nacionalistes de Catalunya* (1993) polas salas do país demandando ós espectadores presión en favor da dobraxe. No terreo editorial destaca a traducción, non só dos clásicos da literatura universal mais tamén dos clásicos do pensamento e da ciencia –primicias na Península– e as revistas infantís e xuvenís (*Cavall Fort*, ...).

De entre os medios de comunicación, na radio cómpre distinguir algunhas cadeas públicas (*Catalunya Ràdio*, *Ràdio 4* de RTVE e tres emisoras da CCRTV) e privadas (*Cadena 3*) que emiten no idioma autóctono, pero minoritarias no conxunto; pola contra, a maior parte das 130 emisoras municipais emite en catalán. Na televisión –medio líder de audiencia– fano TV3 (1983) e Canal 33 (1989), así como TV2 (a media tarde, desconectando da emisión estatal e con programación propia durante a noite), que obteñen altos índices de telespectadores mais non tanto como TVE1. Na prensa destacan oito diarios: o decano, *Avui*; *Punt Diari* (1979), *Regió 7* (1978), os *Diari* de Barcelona (1986), Lleida (1989), Girona (1990) e Tarragona (1985) e o *Nou Diari* (1990); na prensa local o uso é claramente favorable. *El País* e *La Vanguardia* tamén inclúen o suplemento de cultura en catalán e mesmo a revista *Lecturas* o usa parcialmente.

En fin, pode resumirse que a situación non variou moito desde 1970 (¡xa un cuarto de século!), cando E. Blanco Amor escribía no “prólogo útil” de *Xente ao lonxe* en Barcelona:

“O testemuño catalán, tan admirado, tan amado, tan enxexado, garda tan pouca relación connosco que nin pode porse por remoto exemplo.”

## BIBLIOGRAFÍA

- Abuín González, A.- Pazó González, N., “El teatro gallego actual en 80 nombres”, *Primer Acto* 262, 1/1996, pp. 27-36.
- Aizpurua, X., *Euskararen Jarraipena*, Vitoria-Gasteiz, Eusko Jaurilaritza Kultura Salea, 1995.
- Alonso Montero, X., “O día en que se inaugurou a Academia Galega: o problema da(s) lingua(s)”, *Homenaxe ó Profesor Constantino García*, Universidade de Santiago de Compostela, 1991, tomo II, pp. 7-18.
- Blanco Amor, E., *Xente ao lonxe*, Vigo, Galaxia, 1986.
- Calvet, L.-J., *La guerre des langues et les politiques linguistiques*, París, Payot, 1987.
- Carballa, X., “O 80% dos profesores de universidade dá as clases en castelán”, *A Nosa Terra* 734, 11/7/1996, pp. 1-2.

<sup>29</sup> O artigo de *Avui* (9/10/1992) cítase na p. 65 do *Estat de la qüestió* de 1994.

- Estatística: *Estadística de la Producción Editorial de libros 1991-95*, Madrid, Instituto Nacional de Estadística, 1992-96.
- Forga, M., “Una mesma intención compartida: que la xente seya quien a lleer nel so propiu idioma”, *Les Noticias* 0, 22/8/1996, p. 19.
- Guía do Ensino: *Guía do Ensino Secundario en Galicia. Curso 96/97*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1996.
- Legerén, B., “Asociacións do audiovisual en Galicia”, *Cielo Negro* 1, 1995, p. 60.
- Leprêtre, M., *La llengua catalana en l'actualitat*, Barcelona, Generalitat de Catalunya, 1992.
- Lexislación: *Lexislación actualizada sobre a lingua galega*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1992.
- Macho, D., “Esto es...”, *Cielo Negro* 1, 1995, pp. 57-59.
- Marcos Marín, F., “La planificación lingüística”, en Abad, F. y García Berrío, A. (coords.), *Introducción a la Lingüística*, Madrid, Alhambra, 1983, pp. 315-344.
- Maurais, J. (ed.), *Politique et Aménagement linguistiques*, Paris, Le Robert, 1987, p. 17.
- Orzamentos: *Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma Galega. Anos 1991-95*, Santiago de Compostela, Parlamento, 1991-95.
- Pillado Mayor, F., “Breve aproximación a una cronología del teatro gallego, 1849-1995”, *Primer Acto* 262, 1/1996, pp. 37-45.
- Rivas, M., “Peiteados polo vento”, *Unión Bravú*, Vigo, Edicións do Cumio, 1996, p. 5.
- Rodríguez, M. A., “A Xunta amamanta á prensa”, *Galicia Internacional* 11, pp. 24-34.
- VV. AA., *Actes del Simposi de Demolingüística*, Barcelona, Generalitat de Catalunya, 1995.
- VV. AA., *Estat de la qüestió (Articles d'opinió: la llengua catalana 1994)*, Barcelona, Generalitat de Catalunya (CDS), 1995.
- VV. AA., *Estat de la qüestió (Llengua catalana i indústries culturals)*, Barcelona, Generalitat de Catalunya (CDS), 1994.
- VV. AA., *Estat de la qüestió (Pla general de normalització lingüística)*, Barcelona, Generalitat de Catalunya (CDS), 1995.
- VV. AA., *Galego, lingua propia de Galicia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1993.
- VV. AA., *Informe de literatura 1995*, Pontevedra, CILLRP, Xunta de Galicia, 1996.
- VV. AA., *Gelmírez (Hojas de otoño a primavera)*, Santiago de Compostela, CILLRP, Xunta de Galicia, 1995.
- VV. AA., *Irimia* 487, 1996, pp. 8-11.
- VV. AA., *Repertorio bibliográfico da lingüística galega*, Santiago de Compostela, CILLRP, Xunta de Galicia, 1995.
- VV. AA., *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, Vigo, RAG (Seminario de Sociolingüística), 1994.
- VV. AA., “Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino”, Santiago de Compostela, Axendas Aga, 1989.
- VV. AA., *Revista Galega de Educación* 25, 1996.
- VV. AA., *Usos lingüísticos en Galicia*, Vigo, RAG (Seminario de Sociolingüística), 1995.